

**23-24
SETEMBRO**
PRAZA DE ESPAÑA
PONTEVEDRA

PONTUPSTORE.COM



ELGA F. LAMAS



MEMORIA

Resumo 2022

PROMOVE:

Universidade de Vigo

CSA S2i

DIREXE E ORGANIZA:



G4 PLUS
Desarrollo estratégico:
organización e innovación



**ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE**
EMPREENDEMENTO E INNOVACIÓN

PATROCINADOR PRINCIPAL:



**Concello
de Pontevedra**
Promoción
económica
e Turismo

PATROCINADORES:

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



ORGANIZACIÓNS CONVIVIDAS:



CO APOIO DE:



DESEÑA E COMUNICA:



info@pontupstore.com | prensa@pontupstore.com



SÍGUENOS EN:



ÍNDICE

	PAX.
O PONT-UP STORE, UNHA INICIATIVA EMPRENDEDORA	3
OBXECTIVOS DO PONT-UP STORE	4
RESUMO DAS 9 EDICIÓNS	4
ASOCIACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN: PONT-UP STORE	5
ACTOS INSTITUCIONAIS	6
ESPAZO DE EMPRENDEMENTO	10
LISTA DE PARTICIPANTES CON STAND	10
PONT-UP EXPRÉS	14
ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS	16
PROGRAMA DE ACTIVIDADES	18
UNHA IDENTIDADE PROPIA	35
MATERIAL GRÁFICO E PROMOCIONAL	36
ENQUISA DE SATISFACCIÓN	37
TESTEMUÑAS E OPINIÓNS DOS PARTICIPANTES	38
XUNTA DIRECTIVA	40

O PONT-UP STORE, UNHA INICIATIVA EMPREENDEDORA

O PONT-UP STORE é unha iniciativa de apoio ao EMPRENDEMENTO, aberta a toda a cidadanía, e que centra os seus esforzos no incremento da cultura emprendedora na sociedade

RESUMEN DE IMPACTO — EDICIÓN 2022

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

150 solicitudes de participación

37 emprendementos seleccionados

- **79%** dos proxectos liderados por mulleres
- **49%** das solicitudes veñen de vilas e o rural galego
- Practicamente o **100%** teñen produto ou orientación cara a sostibilidade

+5.400 seguidores en redes sociais

+5.800 visitas na web

8 millóns de impactos informativos

Aproximadamente **20.000** visitantes á carpa do evento, **30** actividades con máis de **16.800** persoas acadadas e **+ 600** asistentes ás mesmas (online e presencial)



OBXECTIVOS DO PONT-UP STORE



Facilitarlles aos novos emprendedores un espazo para visibilizar e promover a súa marca, os seus proxectos empresariais e a busca de financiación externa



Posibilitar que novos emprendedores presenten, testen e vendan os seus produtos ou servizos actuais ou contrasten ideas de mellora



Posibilitar que novos emprendedores presenten, testen e vendan os seus produtos ou servizos actuais ou contrasten ideas de mellora



Posibilitar que novos emprendedores presenten, testen e vendan os seus produtos ou servizos actuais ou contrasten ideas de mellora



Posibilitar que novos emprendedores presenten, testen e vendan os seus produtos ou servizos actuais ou contrasten ideas de mellora



Dinamizar a cultura e a economía local proporcionando aos visitantes unha experiencia de ocio e aprendizaxe, nun espazo urbano de referencia internacional

RESUMO DAS 9 EDICIÓNS

RESULTADOS DAS 9 EDICIÓNS

Espazo de emprendemento
(Stand, Act. demostrativas, Pont-Up Exprés)

1.073 SOLICITUDES
341 EMPRESAS PARTICIPANTES
152.000 VISITANTES
+20.000 VISITANTES CADA EDICIÓN

Xornadas do emprendemento
(obradoiros, mesas redondas, formación)

279 ACTIVIDADES
598 EXPERTOS
+6.600 ASISTENTES



+5.400 PERSOAS SEGUIDORAS EN REDES SOCIAIS

100% DOS PARTICIPANTES RECOMENDAN PARTICIPAR NO EVENTO

PRETO DE 62 MILLÓNS DE POSIBLES IMPACTOS INFORMATIVOS



ASOCIACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN: PONT-UP STORE

A Asociación para o Emprendemento e a Innovación: Pont-Up Store foi constituída a finais do ano 2021 polas persoas que integraban o Comité Organizador do Pont-Up Store como socios fundadores e que actualmente forman a Xunta Directiva desta nova organización. Todos eles relacionados coa Universidade de Vigo ou ben son emprendedores e emprendedoras participantes nalgunha das edicións do Pont-Up Store.

Na actualidade a Asociación atópase en pleno proceso de captación de socios e socias e a sinatura de convenios con institucións e empresas privadas que permitan desenvolver os seus obxectivos e proporcionar aos seus asociados vantaxes en diferentes eidos do seu interese.



Apoio e impulso de novos proxectos de emprendemento e innovación para a xeración de riqueza e emprego no territorio



Facilitar a implementación das novas tecnoloxías no desenvolvemento de proxectos de emprendemento.



Apoiar e promover a internacionalización de proxectos emprendedores



Mellorar a calidade dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras a través do asesoramento e dunha aprendizaxe activa.



Promover os valores da igualdade, responsabilidade social e defensa do medioambiente para o desenvolvemento de emprendementos e innovacións sustentables



Fomentar proxectos emprendedores especialmente os relacionados coa innovación a economía social, o desenvolvemento rural, o emprendemento feminino ou senior, ou o intraemprendemento empresarial, entre outros.



Promover o emprendemento e a innovación en tódolos niveis educativos e a transferencia de coñecemento coas entidades de investigación, centros tecnolóxicos, clústeres e asociacións empresariais.



Fomentar a capitalización da experiencia e do saber facer (know-how) de profesionais senior, especialmente daqueles en situación de xubilación.



Impulsar estudos que proporcionen unha maior información das economías locais e sectoriais que faciliten o coñecemento de novas oportunidades de negocio, así como a toma de decisión nos proxectos de emprendemento e innovación.



Promover a cultura emprendedora na sociedade con novos formatos e espazos, presenciais ou virtuais, de integración entre os proxectos de emprendemento e a sociedade.



Potenciar a cooperación con tódolos axentes do ecosistema do emprendemento e innovación na procura da complementariedade e unha maior eficacia e eficiencia no uso dos recursos públicos e privados.



ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE
EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN

ACTOS INSTITUCIONAIS

Rolda de Prensa: Presentación da 9ª edición **16 de xuño**

Na presentación participaron a concelleira de Promoción Económica, Yoya Blanco Rial; o deputado provincial, Gregorio Luis Agís Gómez; o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Joaquín Reigosa Roger; o alcalde do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores; e o presidente da Asociación para o emprendemento e a innovación Pont-Up Store, Pedro Figueroa.



Rolda de Prensa: Presentación do Programa **12 setembro**

Na presentación participaron a concelleira de Promoción Económica, Yoya Blanco Rial; o deputado Carlos López Font; a vicerreitora do Campus de Pontevedra, Eva Lantarón Caeiro; e o presidente da Asociación para o emprendemento e a innovación Pont-Up Store, Pedro Figueroa



Acto inaugural e visita institucional **23 de setembro**

Participaron



Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo

Miguel Anxo Fernández Lores

Alcalde do Concello de Pontevedra

David Regades Fernández

Delegado de estado Consorcio Zona Franca de Vigo

Carlos López Font

Deputado de economía e facenda – Deputación de Pontevedra



Margarita Ardao Rodríguez

Directora Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego

Eva Lantarón Caeiro

Vicerreitora do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo

Yoya Blanco Rial

Concelleira de Promoción económica do Concello de Pontevedra



Natalia Caparrini Marín

Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e extensión universitaria da Universidade de Vigo

María del Carmen Fernández Peña

Directora Territorial de Pontevedra de Abanca

Carlos Hervés Beloso

Director de ECOBAS (Economics and Business Administration for Society)

Concepción Pereiro Ramos

Vicepresidenta de Aempe

Jesús Rey Rodríguez

Presidente de AJE Pontevedra

Eduardo M. Barros Pereira

Vicepresidente Terceiro da Cámara de Comercio de Pontevedra Vigo e Vilagarcía

Pedro Figueroa Dorrego

Director do Pont-Up Store







LISTA DE PARTICIPANTES CON STAND

- 1-7, Stands Institucionais**
10 11 Patrocinadores e colaboradores
- 8** **Cervexa AleAlé S.Coop Galega**
 Cervexaría natural, sen filtrar nin pasteurizar, con maltes ecolóxicas e moi vinculada ao mundo das artes e a cultura.
- 9** **MEXAS**
 Zapatos de coiro 100% feitos a man en México con tintes vexetais.
- 12** **Digital Monster Collective**
 Producimos videoxogos e facemos servizos de outsourcing para outras empresas, facendo arte, animacións, deseño de UX/UI, advergame...
- 13** **Supermenta CBD**
 Especializada no ámbito da saúde e do coidado persoal coa característica que son feitos a base de cannabis.
- 14** **Matinée Club Creative**
 Talleres creativos e experiencias personalizadas, para desfrutar cos cinco sentidos e descubrir as posibilidades creativas que tod@s levamos dentro.
- 15** **Moludemolusco**
 Marca de ilustracións da cidade da Coruña e cultura galega, dende a súa gastronomía, tradicións, artesanía...
- 16** **Yowup (DairYPet, S.L)**
 logur para gatos e cans.
- 17** **Milculturas**
 Consultora de innovación para a xestión do patrimonio cultural
- 18** **13 GRADOS Soc. Cooperativa Galega**
 Cooperativa sen fins de lucro que nace co obxectivo de achegar a xente ao mundo submarino.
- 19** **Iniquál**
 Marca de xénero non binario especializada en roupa de confort.
- 20** **Skeirrum**
 Salas de escape ao aire libre.
- 21** **FUNDACIÓN GALICIA VERDE**
 Creación de 'Corredores Verdes' (zonas de cultivo) en torno aos núcleos de poboación, con criterios de ecoagricultura social para autoabastecemento, fomentando a relación produtor/consumidor, a fin de que as/os produtores obteñan un prezo óptimo, e as/os consumidores consigan alimentos da máxima calidade.
- 22** **Anacos Sostenibilidade**
 Divulgación e asesoramento sobre sustentabilidade para pequenos proxectos ou persoas particulares, ademais dun servizo de apoio puntual a consultorías.
- 23** **Naturantas**
 A natureza ao servizo do benestar persoal, a través da elaboración tradicional de remedios naturais, elaborados con plantas da comarca da Ulloa en Antas de Ulla, Lugo, Galicia.
- 24** **Vioncasbake**
 Elaboración e venda de Vioncas (empanadillas Gourmet artesanais).
- 25** **Casperlota Atelier – Artesanía de Galicia**
 Producción de complementos téxtiles sostibles tanto no soporte (algodón, liño, seda, la), como nos pigmentos empregados (de orixe natural).
- 26** **InCrescendo Colectivo S. Coop. Gal.**
 Proxecto altruísta que nace para promover a educación emocional nas zonas rurais.
- 27** **AIRCO2 FINTECH**
 A primeira Green Fintech española que permite descarbonizar grazas a un marketplace que da acceso a empresas e propietarios forestais dando lugar a un mercado de carbono inclusivo, áxil, intuitivo e que equilibre a balanza comercial entre o campo e a cidade.
- 28** **Navia3D**
 Desenvolvemento de solucións visuais e interactivas baseadas no 3D para a industria 4.0 e o ámbito da cultura, turismo e o patrimonio
- 29** **Bágoas Fóra**
 Empresa de fabricación de material didáctico e xogos educativos de xeito artesanal. Tamén ofrece formación e asesoramento a familias, profesores e institucións en temas de educación respectuosa, innovación educativa, xogos, pedagogías alternativas, etc.
- 30** **Degerónimo**
 Deseño e confección de obxectos de decoración e complementos de moda de maneira artesanal con corda de algodón.
- 31** **Terramara Deco**
 Proxecto de deseño, fabricación e comercialización de mobles e artigos de decoración.
- 32** **Beniu Soluciones S.L**
 Empresa de servizos que utiliza técnicas de agricultura de precisión principalmente mediante drones.
- 33** **Super Nutti**
 Pequenos lotes de cremas de froitos secos de alta calidade.
- 34** **Fundación Roberto Rivas**
 Fundación privada sen ánimo de lucro que promove o desenvolvemento sostible das comunidades
- 35** **María del Carmen Martínez Maceira (Baia)**
 Creación de roupa urbana, desenfadada, única (non hai dúas pezas iguais), e diferente elaboradas con roupa de segunda man.
- 36** **ABOAMIGALLA (FORNO DA ERMIDA)**
 Obradoiro de artesanía sostible, cun sistema de economía circular baseado na reciclaxe de fumes e certificados na elaboración da Indicación Xeográfica Pan de Cea e da Indicación Xeográfica Pan Galego.
- 37** **2eBIKE**
 Vehículo de mobilidade con múltiples aplicacións, tanto para paquetería como para persoas.
- 38** **Eva Fandiño**
 Ilustradora e ceramista.
- 39** **Libretas NoBooks**
 Elaboración de libretas a partir de libros abandonados.
- 40** **Plántate**
 Sementes e plantas para a túa horta natural e ecolóxica. Alimentación natural de mascotas
- 41** **Despunte diseño e ingeniería S. Coop. Galega**
 Deseño e desenvolvemento de servizos e produtos tecnolóxicos e funcionais para negocios, centrándonos en converter ideas en produtos viables e que achegan valor.
- 42** **NOSO plans e proxectos scg**
 Emprendemento centrado no sector cultural enfocado ao desenvolvemento territorial e a innovación social.
- 43** **Laura Triñanes Xoiarúa**
 Deseño e fabricación de xoiarúa en metais preciosos.

MAPA DE STAND



STANDS INSTITUCIONAIS





CERVEXA ALEALÉ S.COOP GALEGA



MEXAS




DIGITAL MONSTER COLLECTIVE



SUPERMENTA CBD



MATINÉE CLUB CREATIVE



MOLUDEMOLUSCO



YOWUP (DAIRYPET)



MILCULTURAS



13 GRADOS SCG



INIQUAL



SKEIRRUM



FUNDACIÓN GALICIA VERDE



ANACOS SOSTENIBILIDAD



NATURANTAS



VIONCASBAKE



CASPERLOTA ATELIER



INCRESCENDO COLECTIVO S. COOP. GAL



AIRC02 FINTECH



NAVIA3D




BÁGOAS FÓRA



DEGERÓNIMO



TERRAMARA DECO




BENIU SOLUCIONES S.L.



SUPER NUTTI



FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS




BAIA




ABOAMIGALLA



2EBIKE




EVA FANDIÑO



LIBRETAS NOBOOKS



PLÁNTATE



DESPUNTE DISEÑO E INGENIERÍA SCG



NOSO PLANS E PROXECTOS SCG. GAL



LAURA TRIÑANES XOIRÍA

7 emprendementos seleccionados previamente de entre os candidatos nesta modalidade presentaron os seus proxectos durante 5 minutos con 2 minutos de réplica por parte dos Escoitantes.

ORGANIZA: Concello de Pontevedra e Xunta directiva do Pont-up

Coordina: Nova Xestión Cultural

PRESENTAN: Yoya Blanco Rial (Concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidades) e Pedro Figueroa Dorrego (Universidade de Vigo e Director do Pont-Up Store)

RELACIÓN DE ESCOITANTES



Rosa María Seoane Domínguez, Xerente de ABANCA innova e Xerente de Comunicacóns



Enxeñeira de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo. Conta con máis de 20 anos de experiencia en contornas TI bancarios, coordinando proxectos de evolución tecnolóxica. Desde xaneiro de 2019 é responsable do equipo ABANCA Innova, área que lidera os procesos de innovación do banco e coordina os seus programas de emprendemento e aceleración.



Francisco Valentín Gómez, Sales & Marketing Manager



Titulado en Dirección de Empresas, Marketing e Publicidade por ESERP Business & Law School e Executive MBA pola Universidade Intercontinental da Empresa (UIE) é especialista en artes gráficas, packaging e sustentabilidade. Tras máis dunha década dedicado ao márketing, en 2018 é contratado por Grupo Macho para representar á compañía na zona noroeste do territorio nacional.



Xoán Martínez Reboredo, CEO de "Kaleido, Ideas & Logistics"



Licenciado en Dirección e Administración de empresas pola Universidade intercontinental da Empresa, Executive MBA por Esade. Ademais do CEO de Kaleido, tamén é o actual Presidente do Clúster da Función Loxística de Galicia. Namorado das ideas, a xente con inquietudes e todo o complexo que pode chegar a ser o mundo.



Eva López Barrio, Coordinadora do Proxecto Innovatia 8.3 do Instituto das Mulleres (USC)



Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Dirección e Xestión de Comercio Exterior. Coordinadora do Proxecto Innovatia 8.3 do Instituto das Mulleres (Ministerio de Igualdade – USC). Responsable do Programa Woman Emprande, Titora das Axudas Emega da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia. Persoa experta para o informe Gem Galicia e Gem España.

RELACIÓN DE PARTICIPANTES



SKEIRRUM

Salas de escape ao aire libre. O obxectivo é achegar aos mozos a contornas que non adoitan frecuentar utilizando como ferramenta un xogo e o seu smartphone. <http://www.skeirrum.com>



Beniu Soluciones S.L

Beniu é unha empresa de servizos que utiliza técnicas de agricultura de precisión principalmente mediante drones. <http://www.beniu.es>



Alén S. Coop Galega

Cooperativa que traballa para ir alén na integración da sostibilidade nas organizacións <http://www.alenlab.com>



Mareira Bizi Sociedade Cooperativa Galega

Cooperativa especializada na transferencia do coñecemento científico máis actual para promover a sostibilidade do medio mariño <https://www.mareirabizi.com/>



Truck Training Services, S.L.

Primeira empresa en España que desenvolve software de mantemento de frota de recollida de residuos urbanos. <https://truck-i.com/>



Milculturas

Consultora de innovación para a xestión do patrimonio cultural <http://milculturas.com/>



Navia 3D

Desenvolve solucións visuais e interactivas basadas no 3D para a industria 4.0 e o ámbito da cultura, turismo e o patrimonio <https://navia3d.es>



ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS

Crea o teu "portalapis de madeira"

DÍA 23 de setembro de 18:30 a 19:20

ORGANIZA: Bágoas Fora – Stand 29



DESCRIPCIÓN: Actividade para que nenos e nenas (4 a 12 años) desenvolvan a súa creatividade e se poñan en contacto coa madeira. Se lles ofrecerá distintos materiais para decoralo, (pinturas, ceras, purpurina, papeis para pegar, entre outros) e unha vez decorado o montarán e o levarán terminado.
Público obxectivo: menores de 4 terían que estar acompañados dunha persoa adulta



Taller de creación obxecto decorativo con eco-resina.

DÍA 24 de setembro de 11:30 a 12:20

ORGANIZA: Matinée Club Creative – Stand 14

**matinée
club**

DESCRIPCIÓN: Nesta experiencia mergullámonos nas técnicas básicas do deseño e produción de obxectos decorativos con resina mineral. Aprendemos a técnica de marmolado, mestura de pigmentos e creación da textura.



Impresión botánica sobre téxtiles naturais

DÍA 24 de setembro de 12:30 a 13:20

ORGANIZA: Casperlota Atelier- artesanía de Galicia – Stand 25



DESCRIPCIÓN: Demostración da técnica Hapa Zome. na que se realizou unha composición floral sobre tea, con pigmentos naturais das plantas.



Demostración de Agility

DÍA 24 de setembro de 17:00 a 19:00

ORGANIZA: DairYPet, S.L. – Stand 16



DESCRIPCIÓN: Contarán coa colaboración do equipo de Diverticans, na que poderán participar todas as persoas que asistan o evento co seus cans e cadelas. Os don@s e o seus cans traballaran de forma conxunta para demostrar as súas habilidades no percorrido onde terán que saltar vallas, introducirse por túneles ou realizar un sláom entre conos. para que os cans participantes recuperen forzas os ganadores recibirán unha mostra de produto YowUp! Nota: a demostración farase na Alameda nas proximidades do Cafetín e da carpa do evento na praza de España. Entrada libre e de balde



PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO 20 AO 24

*Lenda dos ámbitos das actividades
en función da cor dos seus títulos*



Viabilidade económica – Financiamento da pequena empresa

DÍA: 20 de setembro de 2022 de 10:30 a 12:30



ORGANIZA: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa

OBXECTIVOS Estas xornadas deron a coñecer a Análise de Balances, que nos permiten tomar decisións económicas e financeiras, a través da información contable (Balance e Cuenta de Resultados), co fin de reducir a incerteza do medio ambiente empresarial.

IMPARTE: Oscar Rey Membro do Consello Xeral de Economistas – Economistas Asesores Laborais.



Axudas e subvencións para autónomos e pemes galegas

DÍA: Mércores 21 de setembro de 2022 de 10:30 a 12:30



ORGANIZA: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa

OBXECTIVOS: A través da xornada deuse a coñecer as axudas que a modo de subvencións, préstamos, deducións e bonificacións... reparten as distintas Administracións Públicas de carácter nacional, autonómico ou municipal, como impulso á actividade económica dos autónomos e empresas.

IMPARTE: Ana Vázquez – Directora e fundadora da empresa PROX CONSULTORES, S.L.



espazo de
EMPREENDEMENTO



E TI, COÑECES A FÓRMULA? Obradoiro para persoas emprendedoras

DÍA: 23 de setembro de 2022 de 10:00 a 11:30

ORGANIZA: Espazo Coop Unión de Cooperativas Galegas e a Cámara de Comercio Pontevedra, Vigo y Vilagarcía de Arousa

OBXECTIVOS: Estimular o emprendemento cooperativo, o impulso de iniciativas desde a óptica cooperativa. Difusión e divulgación da fórmula cooperativa.

- A cooperativa dentro da economía social. Os principios e valores cooperativos.
- Que é una cooperativa?. Tipos de cooperativas.
- Emprende en cooperativa:
 - o Apoios ó cooperativismo.
 - o Boas prácticas de emprendemento cooperativo. Materiais videográficos.

IMPARTEN: Ramón Carmelo Rodríguez Padín Docente e consultor da Unión de cooperativas EspazoCoop.



A túa web non se vende soa: CREATIVIDADE E STORYTELLING OFICINA ACELERAPYME_KIT DIXITAL

DÍA: xoves 22 de setembro de 2022 de 10:30 a 12:30



ORGANIZA: Cámara de Comercio Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa

OBXECTIVOS: Actividade para dar a coñecer aos participantes a oficina Acelerapyme e informar sobre as diferentes convocatorias e recursos do programa Kit Dixital.

Analizar os erros comúns que levan aos clientes para malgastar o diñeiro das subvencións ou do seu orzamento de márketing por contratar sen saber o que queren, necesitan ou é adecuado para o seu negocio.

IMPARTEN: OFICINA ACELERAPYME- Cámara de Comercio de Pontevedra

- Pilar Iglesias Coordinadora da oficina Acelerapyme.
- Damián García Xerente da empresa EMOTIVE NEUROMARKETING TECHNOLOGIES, S.L.



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

Crea o teu plan de márketing dixital paso a paso

TIPO: Espazo de desenvolvemento de competencias

DÍA: Xoves, 22 de setembro de 17:00 a 18:00

ORGANIZA: Deputación de Pontevedra

OBXECTIVOS:

En numerosas ocasións os emprendedores e empresas consolidadas lánzanse a realizar accións de márketing online, sen ter un plan de márketing dixital previo: publicar calquera contido e en calquera momento en redes sociais, crear un artigo no blogue sen realizar un estudo previo da temática, facer publicidade sen un obxectivo claro... A consecuencia: o fracaso das súas campañas dixitais.

Neste taller explícase que é un plan de márketing dixital, para que serve e como crear o noso paso a paso cun exemplo real.

IMPARTE: Adrián Fernández, Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Barcelona e cunha ampla experiencia e traxectoria profesional asesorando empresas



WordPress en Acción: obradoiro de iniciación e Do-action

DIA: 23 de setembro de 9.00 a 18,30

ORGANIZA: Comunidade WordPress Pontevedra,

Actividade enmarcada dentro do #PONTEWORDCAMP, WordCamp en Galicia (23-25 de setembro)


OBXECTIVOS:

-Da man dun gran profesional, iniciación no mundo do WordPress e descubrirás o fácil e rápido que é crear unha web con esta ferramenta.

-Do-action*. Tipoloxía de evento da Fundación WordPress para planificar e crear la web de unas organizacións sen ánimo de lucro

- Colectivo A Rente do Chan.
- Asociación Villa caótica.

📷 Nilo Vélez



Presentación do proxecto europeo da European Institute of Innovation & Technology (EIT) – HEI4Future

DIA: 23 de setembro de 11:00 a 12:00

ORGANIZA: Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

PRESENTAN:

Eva Lantarón, vicerrectora del Campus de Pontevedra

Natalia Caparrini Marín vicerreitora da estudantado e empregabilidade da Universidade de Vigo

Pablo Cabanelas Lorenzo, coordinador principal do proxecto



Entrepreneurial and innovation skills for developing the new value chains of mobility, health and manufacturing

CONTIDO E OBXECTIVOS:

HEI4Future: Capacidades empresariais e de innovación para desenvolver as novas cadeas de valor da mobilidade, a saúde e a fabricación. Presentación á comunidade académica de Pontevedra (profesorado Staff e estudantado) do proxecto europeo de la European Institute of Innovation & Technology (EIT) relacionado co promoción do emprendemento, a innovación e a transferencia de tecnoloxía nos ámbitos da mobilidade, a saúde e a produción (manufacturing).



Supported by



Funded by the European Union



Primeiros pasos para a internacionalización

ORGANIZA: Cámara de Comercio de Vigo, Pontevedra e Vilagarcía

DIA: 23 de setembro de 15,30 a 16,15

CONTIDO: Nun mundo globalizado a internacionalización considérase unha das estratexias principais na xestión da empresa para ser máis competitiva e lograr un maior crecemento

Podemos expornos a internacionalización? Que debemos ter en conta na nosa empresa? Como abordala, por onde empezar? Primeiros pasos da actividade exportadora. Actividades da Cámara de apoio á Internacionalización das empresas.

INTERVEÑEN:: Pilar Rey e Rosa Lago Técnicas do Departamento de comercio exterior da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.



Starting Up!

DAY: 23th September at 10.40–11.30 CET

ORGANISATION: Ticket2Europe

COLLABORATES: High School Valle Inclán and Abanca

PRESENTED and MODERATED by: Ana del Valle (Ticket2Europe)

OBJECTIVES: Learn more about social entrepreneurship through non-formal education methods.

LANGUAGE: English



Erasmus+

//ABANCA



International opportunities for entrepreneurs

DAY: 23th September at 16.45–18.00 CET

ORGANISATION: Ticket2Europe

PRESENTED and MODERATED by: Ana del Valle (Ticket2Europe) and Belén Mendoza (Santiago de Compostela Chamber of Commerce).

PARTICIPANTS:

- Belén Mendoza (Santiago de Compostela Chamber of commerce)
- Guadalupe Vega Nieto (Cohope Association, from Basque Country),

OBJECTIVES

Presentation by the protagonists of their experiences in several international programmes of interest to provide a global dimension of entrepreneurship.

LANGUAGE: English



Erasmus+



Motivacións das mulleres a emprender en cooperativas

DIA: 23 de setembro de 13:00 a 14:00 h.

ORGANIZA: Abeluria S.Coop. Galega.


PRESENTA E MODERA: Ana Oliveira Blanco (cooperativista en Abeluria, Doutora en Economía e Empresa pola USC, consultora e investigadora en economía social, Presidenta da Unión de Cooperativas Espazocoop)

PARTICIPA: Conversa con tres cooperativas participantes no Pont Up Store:

- Árbore S. Coop. Galega (Elena Taboada e Nerea Vilariño).
- Amarelas, S. Coop. Galega (Cristina González).
- Somos terra. S. Coop. Galega (Eva Quiroga).

CONTIDO E OBXECTIVOS

Pequena introdución sobre o emprendemento feminino en Galicia dende unha perspectiva de xénero e presentación do III Olympe Emprande



Tecendo Comunidade (networking de participantes) e internacinalización

DIA: 23 e 24 de setembro de 14,30 a 16,30

ORGANIZA: Xunta directiva do Pont Up

CONTIDO E OBXECTIVOS: comida en común para interrelacinarse e compartir inquiredanzas por parte dos emprendementos seleccionados no Pont Up e tamén para tecer redes e xerar sinerxías para novos negocios entre eles. De 15:30 a 16:15 impartiuse a actividade que se observa a continuación: "Primeiros pasos para a internacionalización".



É o emprendemento sostible o auténtico Unicornio?

DIA: 23 de setembro 17 a 18 h.

ORGANIZA: Alen Coop Galega, Soluciones en economía circular y sostenibilidad

PRESENTA E MODERA: Iria Regueiro / Claudia Rodríguez

INTERVEÑEN

- Violeta Bouzada – Ovi Jane/Fento Moda
- Elena Fontán – Mareira Bizi
- Arancha Estévez – Pacto Cultura Sustentable

CONTIDO E OBXECTIVOS:

As oportunidades de negocio ao redor de novas tendencias e necesidades ligadas á sustentabilidade son moitas. Pero son oportunidades reais para o emprendemento? é o emprendemento local, centrado en servizos e produtos sostibles, en feminino, o auténtico unicornio?

Tres emprendedoras explicaron nesta mesa redonda as súas experiencias e retos superados, derrubando mitos e aterrando como levar o ideal á acción.



Publicitarios Implicados, de utopía a referente.

DIA: 24 de setembro de 13:00 a 14:00 h.

ORGANIZA: Publicitarios Implicados

PRESENTA E MODERA: Lara López Vázquez, representante da organización en Galicia

PONENTES:

- Lara López Vázquez Social Media Manager e Directora estratéxica en Publicitarios Implicados.
- Jose LaCueva, copywriter en VMLY&R e en Publicitarios Implicados.
- Silvano Medehue, responsable de marca e RRPP en Publicitarios Implicados.

CONTIDO: Asociación de profesionais e estudantes do mundo da comunicación que, dende 2008 e de maneira completamente altruísta, acompañan a micro-ong, plataformas de afectados por enfermidades minoritarias e, en xeral, asociaci ons solidarias sen recursos para investir en publicidade.



Tecendo Comunidade: Viño participativo

DIA: 23 de setembro de 21:00 a 23:00

ORGANIZA: Concellaría de Promoción Económica, Turismo e Universidade, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo e a Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont- Up Store

COLABORA: HGA BODEDAS



Concello
de Pontevedra
Promoción
económica
e Turismo



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE
EMPREENDEMENTO E INNOVACIÓN



Almorzo Networking – Perde o medo a vender no estranxeiro

DIA: Día 24 de 9:30 A 10:50

ORGANIZA: Aempe



CONTIDO E OBXECTIVOS:

Almorzo co obxectivo de perder o medo a vender no estranxeiro: 4 emprendedores de Pontevedra contaron como o fan. Almorzo distendido con persoas emprendedoras e expertas en internacionalización que achegaron pílulas formativas de interese que nunha mesa redonda transmitiron experiencias e consellos para internacionalización dos novos emprendementos.

O seu obxectivo foi establecer conexións entre as persoas emprendedoras, ampliar a súa rede de contactos na procura de intereses comúns para crear oportunidades de negocio.

CHARLA TÉCNICA da man de Alberto Falcón "Prepara a túa web para exportar produtos ou servizos"

PRESENTA: José María Corujo

MODERA: Silvia Crespo , Directora de Bien Bonito, Vicepresidenta de Aempe e membro da Xunta Directiva do Pont-Up Store

PARTICIPANTES

- Jorge López–Ceo & Co-Founder BEFLAMBOYANT
- Tatiana González – CCO & Co-Founder BEFLAMBOYANT
- Alberto Jurgo – Ceo & Co-Founder ENERCRAF
- Ana Carpintero – Ceo & Co-Founder SOMOS OCEAN O



Connect-UP, surfeando a ola do emprendemento

DIA: 24 de setembro de 10.00 a 11.00

ORGANIZA: IGATA INSTITUTO GALEGO DO TALENTO (IGATA), organización que conecta a todos os galegos e profesionais vencellados a Galicia para visibilizar o noso talento.

PRESENTA E MODERA: Ángel Fraga, director de IGATA



CONTIDO:

Desde Igata buscan reunir ás persoas co único propósito de sumar. E nesta ocasión, sumáronse ao Pont-UP co obxectivo de armar un mesa redonda con dous emprendedoras de diversos sectores pero cunha mesma paixón: Galicia.

Unha charla liderada por Ángel Fraga, director de IGATA, quen conversou coas protagonistas para coñecer de primeira man a súa experiencia de emprender en Galicia desvelando as luces e sombras da aventura de emprender.

PARTICIPANTES:

- Yolanda Vázquez, consultora de Innovación Estratéxica "No Meu" (non o googledes porque non existe ;)).
- Claire-Marie Aubert, "Somos Enxebre"



Trivial de economía social



XUNTA
DE GALICIA


CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

DIA: sábado 24 de setembro de 11:00 a 13:00

ORGANIZA: CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE; Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

DINAMIZA: Persoal coordinador da Rede Eusumo

CONTIDO: Partindo da base de que o trivial é un xogo coñecido por todo o mundo e co obxectivo de que as persoas asistentes á feira sexan conscientes dos seus coñecementos sobre economía social; esta actividade é un pequeno estudo dos coñecementos que ten a poboación de Pontevedra no eido da economía social.



Corredores Verdes: a saúde alimentaria é un dereito



fundación
galicia
verde

DIA: 24 de setembro de 11.30 a 12.30

ORGANIZA: Fundación Galicia Verde

CONTIDO E OBXECTIVOS: Ofrecer unha visión xeral dos beneficios dos Corredores Verdes e da necesidade de que a cidadanía se implique neles.

PRESENTA E MODERA:

Mabel Rivera Torres – Patroa da Fundación GALICIA VERDE

Interven:

- Enrique Banet López de Rego – Presidente-fundador da Fundación GALICIA VERDE
- Carlos Otero González – Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela
- Íñigo Pulgar Sañudo – Profesor Asociado da Área de Botánica do Departamento de Bioloxía Molecular e Enxeñaría Bioquímica na Universidade Pablo de Olavide de Sevilla. Doutor pola USC.
- Victoria Martínez Barreiro – Membro fundador (1977) e Presidenta da Asociación Cultural Meiro, Aldea de Meiro-Bueu.



DIA: 24 de setembro as 11:00 a 13:00 h.

ORGANIZA: R

IMPARTE: Libolis



TALLERES

Contos que cobran vida (7-8 anos)


A través da creación de tinta condutiva os nenos e nenas aprenderon a integrar conceptos de electrónica a partir de pilas, condutores e leds. Unha vez que coñeceron como funciona crearon un conto ao que lle engadiron diferentes leds á súa historia.

Sala de operacións (9-10 anos)

Taller para aprender conceptos básicos sobre condutividade, sinais dixitais así como o concepto dun cortocircuíto dunha maneira educativa e divertida a través da creación dun "xogo de operacións" que tiveron que deseñar e programar ao seu gusto. Todo iso a través da placa microbit e diferentes elementos electrónicos

Sistema de rega intelixente (11-12 anos)

Aprenderon a deseñar un sistema automatizado que detecta o nivel de humidade e temperatura das plantas para saber cando se deben regar. Construíron o sistema baseándose en sensores de humidade, un sensor térmico integrado e unha placa controladora. Ademais crearon un sistema que sirve para comprender os datos obtidos dunha forma visual e amigable.



LIBOLIS

Street Escape! Desenvolve as competencias emprendedoras o través do Street Escape sobre o patrimonio de Pontevedra

DIA: 24 de setembro de 12:00 a 14:00

ORGANIZA: Skeirrum

PROMOVE: ABANCA, GADIS E HEI4Future

SKEIRRUM
street escape

ABANCA

GADIS

HEI4Future

Supported by
eit UrbanMobility

Funded by the
European Union

EIT HEI
Initiative

CONTIDO E OBXECTIVOS:

Street Scape / Escape Room ao aire libre. Actividade que mestura a mellor parte de dous xogos comunmente coñecidos: o dinamismo das procuras do tesouro xunto coa lóxica e enigmas das escape rooms.

O obxectivo principal desta experiencia en formato de Street Scape ou Escape Room foi fomentar o patrimonio cultural e histórico da cidade de Pontevedra así como a cultura do emprendemento. Que se fomenta con Skeirrum Pontevedra?




ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Sábado 24 de 14:00 a 14:30

INTERVIÑEN:

- Iván Puentes, Concelleiro de desenvolvemento sostible do Concello de Pontevedra
- Pedro Figueroa Dorrego, Director do Pont-Up Store (Universidade de Vigo)
- Carlos López Font, Deputado de economía e facenda – Deputación de Pontevedra
- Jose Luis Ramírez Matos, Director de Zona de Pontevedra de Abanca
- Angela Cal Arca e Roberto Cabeceira, Vicepresidenta e Vogal da Asociación de emprendemento e innovación: Pont-Up Store respectivamente



Mellor proxecto 2022 en:

Turismo, Ocio, Saúde e Benestar

PONT-UP
STORE



SKEIRRUM
street escape




Digital Monster
Collective



Mellor proxecto 2022 en:

Tic's e as Novas Tecnoloxías

PONT-UP
STORE



Mellor proxecto 2022 en:


Formación, Educación, Arte e Cultura

PONT-UP
STORE





13 GRADOS






INIQUAL



YowUp!



Intraemprendimiento e innovación nas organizacións

DIA: sábado 24 de setembro de 17:00 a 18:00

ORGANIZA: Asociación PonteBrújula

PESENTA: Pedro Figueroa Dorrego Director do Pont-Up Store

MODERA: Mariem Filgueira, sherpa empresarial e Presidenta da asociación PonteBrújula

PARTICIPAN:

- **Jose Andrés Arias Pampín**, responsable de desenvolvemento de espazos e procesos de oportunidade, conexión e emprendemento interno en Financiera Maderera S.A. (FINSA)
- **Josefa de León Blanco**, Directora Competitividade Estratéxica i experta en innovación en AGROAMB. Pacto Mundial de Naciones Unidas, Red Española: Vocal Comité Ejecutivo.
- **Anabel Gulías** – Concelleira de Promoción e proxección exterior da Cidade do Concello de Pontevedra
- **Isabel Abeledo**, responsable de Comunicación de FINSA e promotora da experiencia forestal de A Panda de Adá

OBXECTIVOS: De acordo coa misión de PonteBrújula o obxectivo desta mesa de debate foi crear espazos para compartir talento, experiencias e coñecemento, promovendo a reflexión, e o pensamento crítico e o espírito innovador.



A importancia da profesionalización no sector creativo.

DIA: sábado 24 de setembro de 18:30 a 19:30

ORGANIZA: Asociación O Galpón Lab, un espazo para artistas emerxentes

OBXECTIVOS: Unha mesa redonda sobre a importancia da profesionalización para a valoración do traballo dentro do sector creativo, os problemas derivados do intrusismo laboral, o descoñecemento dos distintos postos de traballo e a precariedade laboral á que conleva.

PESENTA e MODERA: Iria Rodríguez socia fundadora de O Galpón Lab, co-fundadora e traballadora na axencia de marketing Nube de Ockham e profesora asociada da Uvigo

PARTICIPAN:

- **Adriana Villamizar**: Directora de Arte na Axencia Nasas
- **Alberto Ash Santos**: profesor universitario, investigador e artista multidisciplinar.
- **Bea Gregores**: Autora e ilustradora do libro "As mulleres que cultivaban néboas"
- **Laura Curras**: Creadora da marca Blaurtopias



UNHA IDENTIDADE PROPIA

A ilustradora galega **ELGA FERNÁNDEZ LAMAS** foi a responsable da ilustración desta edición que soubo plasmar á perfección a diversidade e multisectorialidade que representa o Pont-Up Store, así como a enerxía e entusiasmo do emprendemento galego



espazo de
EMPRENDEMENTO


MATERIAL GRÁFICO E PROMOCIONAL

- Dossier de emprendedoras/es
- Cartel Pont Up: 300 unid.
- Mupis: 60 unidades
- Lona
- TV xigante no palco
- Rollup
- Pórticos da carpa (2 pórticos de 3 lonas)
- Tímpano da carpa
- Bolsas agasallo e camisetas para o persoal de apoio
- Memoria: 300 unidades
- Recursos online: newsletter, faldón web, cartelería online, banners, vídeo resumo, portadas e cartelas de peche de actividades en streaming,...




ENQUISA DE SATISFACCIÓN


VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO




VALORACIÓN XERAL DO EVENTO EN FUNCIÓN DAS EXPECTATIVAS PREVIAS




NIVEL DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS



TEST DE PRODUCTOS / SERVIZOS ACTUAIS



NETWORKING CON OUTROS EMPREENDEDORES



RECOMENDARÍAN PARTICIPAR NO EVENTO?



■ RESULTADO DA ENQUISA 2022

■ Media das pasadas edicións

Enquisa de satisfacción enviada aos 34 participantes do Pont Up Store 2022 con presenza na modalidade de stand. Elaborada en Google Docs con prazo de resposta entre o día 28/09 e o 07/10. Obtivéronse 31 respostas (91,17% participación).
Escala de Likert de 1 a 5 (sendo 1 o máis negativo e 5 o máis positivo)

TESTEMUÑAS E OPINIÓNS DOS PARTICIPANTES

Pont Up Store ha sido el mejor evento en el que he participado con mi empresa, Bágoas Fóra. Me ha permitido dar a conocer lo que hago a mucho público, testear novedades y ver opiniones e ideas de mejora, me han contactado otras empresas para vender mis materiales, pero sobre todo he conocido a otros emprendedores y emprendedoras con ideas de negocio fabulosas, con disposición a colaborar. Aprender de sus experiencias, sus éxitos y sus tropiezos me hace sentirme acompañada. ¡Y la organización, más que de 10! Lo recomiendo sin duda.

Silvia. Responsable de Bágoas Fóra

Pont-Up foi unha experiencia inesquecible, chea de persoas apaixonadas polos seus proxectos que conseguiron transmitilo inspirándome moito

Molu de moludemolusco

Evento muy bien organizado con mucho networking entre emprendedores e instituciones. Un ambiente muy enriquecedor y ¡pet-friendly!

MEXAS

PontUp Store fue una oportunidad clave para nosotros, ya que nos dio la posibilidad de difundir nuestra marca de manera local y de realizar conexiones con otros emprendedores. Al plantear un negocio enfocado en el mercado digital este tipo de eventos nos dan la visibilidad que necesitamos en nuestra propia localidad, y no podría haber sido mejor.

Javier de Terramara Deco

Es un evento ejemplar en cuanto a organización y visibilidad. Desde luego un acierto participar. Sirve de motor para estimular el trabajo innovador y colaborativo, clave en el emprendimiento..

Pablo, DairyPet SL (YowUp!)

Experiencia máis que recomendable para calquera proxecto de emprendemento.

Daniel V. socio de NOSO Coop

Grazas por esta oportunidade única! Non podíamos imaxinar mellor lugar para parir o noso soño, "Matria", ca rodeadas doutros proxectos que apostan polo futuro da nosa terra. Aquí hai futuro e o Pont Up Store sábeo ;-)

Laura e Elvira, fundadoras de InCrescendo Colectivo S. Coop. Galega

Participar na Pont-Up Store foi unha oportunidade única para nós no noso primeiro aniversario como cooperativa. Puidemos mostrar o que facemos, os nosos produtos e servizos dixitais, e tamén validar co público novos deseños de Miramoura que acabábamos de lanzar! Resultou moi proveitoso, conectamos con moitísima xente e voltamos cheos de ideas para continuar co noso emprendemento. Moitas grazas á todo o equipo e aos patrocinadores por esta oportunidade!

Carmen Araquistain Portela, Socia Despunte diseño e ingeniería S.C.G.

Unha gran experiencia que superou expectativas. Visibilidade, networking, aprendizaxe... En definitiva, non dubidáramos de ter que volver a presentar candidatura.

BENIU

Una oportunidad estratégica para visibilizar la empresa y dar a conocer nuestros productos en un emplazamiento idóneo. La acción divulgativa y de comunicación de la organización propició la venta y red de contactos.

Sofía, fundadora y responsable comercial de Aboamigalla.

Participar no PontUp Store serviunos non só para validar a nosa idea presentando Libretas NoBooks directamente ao público, senon tamén para recoller o seu feedback, fundamental para deseñar o noso plan de acción de cara ao futuro.

Agueda Quintans, Co-fundadora de Libretas NoBooks.

Increíble o equipo formado por pont up e o bo ambiente que se creou.

Verónica de Vioncas Bake.

La Pont-up Store es un espacio de emprendimiento, formación e información, que debe tenerse en cuenta como dinamizador de nuevas iniciativas.

María Luisa Mosquera Sastre. Casperlota Atelier

Una experiencia que te hace gustar el emprendimiento

Matinée Club

Unha gran oportunidade para as empresas que estamos empezando para darnos visibilidade e coñecer outros emprendementos, compartir inxedanzas e experiencias.

Laura Triñanes

Un evento en donde todo estuvo cuidado al detalle. Un espacio cómodo y amigable en donde poder contar nuestras ideas y proyectos con total libertad. Un gran equipo organizador, super cercano a los emprendedores. Gracias!

Agustina Patiño, fundadora de Milculturas.

Estupendo lugar para coñecer novos proxectos emprendedores galegos e ter a oportunidade de probar ou adquirir os seus produtos

Fundacion Roberto Rivas

XUNTA DIRECTIVA

As persoas e empresas que actuaron ata o momento como Comité Organizador do Pont-Up Store son os actuais membros da Xunta Directiva da Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store como socios fundadores

ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE



EMPRENDEMENTO
E INNOVACIÓN



Pedro Figueroa Dorrego - Presidente

Director do Pont-Up Store e do Grupo de Investigación G4 PLUS Universidade de Vigo



Ángela Cal Arca - Vicepresidenta

Socia-consultora en Dtearea5 e Acega
Asesores. Profesora asociada da
Universidade de Vigo.



Susana Loroño Mondragón - Secretaria

Coordinadora de Proxectos en DalleQDalle



David Conde Sayans – Tesoureiro

CEO en Senseitrade e Coinscrap
(Pont-Up Store 2017)



VOGAIS



Daniel Gallego Ortigueira

Secretaría Técnica no Pont-Up Store / Técnico de Investigación en
G4 PLUS da Universidade de Vigo



Anabel Pérez Xesteira

Comunicación Dixital do Pont-Up Store /
Responsable de marketing en HGA bodegas y
viñedos de altura





Noela Sanjurjo Carballeira

Responsable de contas de Freshysweet – Axencia junior de publicidade da Universidade de Vigo (Pont-Up Store 2014)



Silvia Crespo Tobío

Directora de Bien Bonito (Pont-Up Store 2014)



Roberto Rodríguez Cabeceira

CEO e Director técnico en Xeométrica (Pont-Up Store 2015)



Evelio E. Sánchez Juncal

CEO en SPA-CC (Pont-Up Store 2018)



Alba Antepazo Fonseca

Directora de Graphics Project (Pont-Up Store 2018)



Diego Rodríguez Cordeiro


Socio – traballador de 7H Cooperativa- Cultural (Pont-Up Store 2018)



Elena Taboada Durán

Socia e Arqueóloga en Árbore Arqueoloxía S.Coop (Pont-Up Store 2019)





COLABORADORES



PROVEEDORES






espazo de **EMPRENDEMENTO**

PROMOVE:



DIRIXE E ORGANIZA:



G4 PLUS
Desarrollo estratéxico:
organizacións e territorios
Universida de Vigo



**ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE**
EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN

PATROCINADOR PRINCIPAL:



**Concello
de Pontevedra**
Promoción
económica
e Turismo

PATROCINADORES:

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universida de Vigo



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



**XUNTA
DE GALICIA**



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

//ABANCA

GADIS



**ZONA FRANCA
VIGO**



ECOBAS
Economics and Business Administration for Society



aitodetec
INGENIERÍA TECNOLÓGICA

ORGANIZACIÓNS CONVIDADAS:



KALEIDO
IDEAS & LOGISTICS

mácho
PRINTED SINCE 1984

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CO APOIO DE:

aempe

aje
Galicie
jovens Emprendedores

Cámara
Emprendedores de Galicia
Vilagorria de Arnoia